

SESIÓN MÉRCORES 29 DE ABRIL, 2020

3º ED. PRIMARIA

L. GALEGA

---

Bos días, nenos e nenas:

Hoxe, vos propoño dúas actividades:

- Lectura: "Chamizo" (adaptación), Fina Casalderrey.
- Xogo: "Saltalettras".

COMPETENCIA LECTORA

---



"Pedireille a Pedro que me deixe comer no seu sitio. Creo que xunto á esquina da parede estarei máis segura".

–Pedro, non che importa cambiarme de sitio?

–Como queiras.

De menú, lentellas e macarróns con carne; este último é o prato preferido de Martina que pensa en meter uns poucos no peto para que coma o gatiño que semella ser dos mesmos gustos ca ela. En canto comezan a servir os macarróns empeza a miañar sen parar. Martina en vez de se poñer colorada, ponse alba. A súa inmediata reacción é coller do seu prato a toda velocidade un puñado de macarróns coa man e metela axiña no peto esquerdo.

De certo, o gato debía querer comer porque automaticamente para de miañar. O **boureo** das múltiples voces dos comensais e o troupeleo da louza evitan que alguén se decate do feito. Ninguén sabe que ten un gato no comedor.

Chegan as sobremesas e, deseguido, ese sagrado momento de silencio, imprescindible para poder saír do inmenso comedor.

A tal fin, o encargado fai soar unha campaiña e, de súpeto, no comedor apáganse as voces e uns miaños empezan a soar cada vez con máis insistencia<sup>1</sup>.

–Quen é o maleducado ou maleducada que ten complexo de gato? –resoa coma un eco a voz do encargado.

Os miaños continúan e todos, cal xirasoles, torcen as cabezas cara á mesa de Martina como se a mesa número sete fose o mesmísimo sol de Castela e os movese ao seu antollo.

Os dezaseis rapaces e rapazas que compoñen a mesa comezan a ruborizarse a un tempo. O encargado insiste.

–Quen é o simpático?

Ninguén responde, posiblemente aínda que ooubesen non o dirían, pero o certo é que todos están abraiados ante a misteriosa procedencia dos miaños.

Martina treme, pero non ten a valentía de confesar a verdade. Opta por tusir tratando de ocultar os miaños.

–Ben, xa que non queredes dicir quen foi –di **implacable** o encargado–, que vaian saíndo todos menos os da mesa sete.

Nunca tan calados saíran os rapaces daquel comedor. Iso é terrible porque os miaños resoan coma ecos angustiantes que a improvisada tose de Martina non pode ocultar.

O encargado fita un a un os comensais da mesa número sete. Ao chegar a Martina detense máis da conta, ela pode escoitar o seu propio corazón na mesmísima gorxa. De súpeto o encargado interrompe o silencio:

–Ti podes saír. Non creo que foses ti a bromista porque a tose que tes non cho permitiría.


Sae sen dicir ren ante a mirada asustada de todos os seus compañeiros de mesa.

Fina CASALDERREY: Chamizo  
(adaptación).

**1** Que cres que podería pasar se o encargado atopa o gatiño?

**boureo:** ruído grande.

**implacable:** que non cede nas súas posicións.



1. Despois de ler, con moita atención o texto, tes que responder as seguintes preguntas:

a) Cal é o menú do día do comedor escolar?

---

b) Cal é o prato preferido de Martina?

---

c) En que mesa come ela?

---

d) Como avisan para poder saír do comedor?

---

2. Cambia, as palabras subliñadas por palabras do recadro, que signifiquen o mesmo. Lembra, que non tes que copiar as oracións, só as palabras.

marchar

asombrados

calan

parece

observa

ruído

- Os rapaces están **abraiados** cos miaños.
- No comedor óese o **troupeleo** da louza.
- O silencio é imprescindible par poder **saír** do comedor.
- O encargado **fita** os comensais.
- De súpeto **apáganse** as voces.
- O gato **semella** ter os mesmos gustos ca Martina.

\*Lembra, as palabras que teñen significados parecidos, **chámanse palabras sinónimas.**

**3. Escribe outro final para a lectura.**

---

---

---

---

---

**4. Cres que Martina actúa correctamente? Explica.**

---

---

---

**AGORA, IMOS XOGAR!**

---

## SALTALETRAS

As letras brincaron e se desordenaron... Se as ordenas, descubrirás palabras relacionadas coa lectura de hoxe.

- REMCODO: \_\_\_\_\_
- ATPRO: \_\_\_\_\_
- ACAMRORNS: \_\_\_\_\_
- ATGIOÑ: \_\_\_\_\_
- LASTLEENL: \_\_\_\_\_

**BOA SEMANA!**

**QUÉROVOS!**